

En defensa da propiedade das Xunqueiras: recordos dunha loita

Benigno García

Non debería ser eu quen fixera este artigo. A pluma e as ideas teríaas que poñer Daniel Castro Doce. Por desgracia é imposible, xa que unha mala enfermidade levouno deste mundo cando só contaba trinta e poucos anos de idade. En memoria del, e polo cariño que lle tiña, escribo estas liñas.

Coido que era unha noite de principios do ano 1980. Atopabámonos reunidos por aquela os membros da Asociación de Veciños S. Benito de Lerez no local da antiga *Juventud Lerezana* (Teleclub) coa finalidade de celebrar unha reunión da mesma. Traíanos de cabeza a pretendida ocupación da Xunqueira da Gándara para instalación do **POLÍGONO DE DESCONGES-**

TIÓN COMERCIAL DE PONTEVEDRA que promovía a Asociación de Empresarios ASEMPO e SIGALSA (Suelo Industrial de Galicia), cando de súpeto entra Daniel -a sazón vicepresidente da mesma- e, logo de pousar a súa carpeta, dixo con expresión rotunda: "A Xunqueira é nosa". Foi unha frase espontánea, a ben seguro que o primeiro que se lle veu á memoria, pero, sen saber como nin como non, converteríase, ó correr do tempo, no lema reivindicativo da propiedade das nosas Xunqueiras, e máis en concreto da da Gándara. Púxonos diante unha ringleira de documentos antigos achados por el nos arquivos Histórico e Provincial de Pontevedra. Neles facíase referencia ás citadas xunqueiras como propiedade comunal dos veciños de Lerez





dende tempo inmemorial.

Ficamos calados un tempo. De seguido comezou a falar con verbo emocionado, como aquel que vén de lograr algo moi importante. Ninguén ousaba dicir ren. Escoitabamos en silencio aquel chorreiro de información. Datos e máis datos íanse sucedendo de forma encadeada. Logo dun tempo, non sei canto, calou. Ninguén soltou chío. Coido que todos estabamos a matinar naquel asunto, cadaquén ó seu xeito.

Lembro que foi o presidente da Asociación, que daquela era Francisco Romero Fernández, quen rachou o silencio ó dicir: "¿E que facemos?" Miramos os uns cara ós outros e alguén soltou: "*Pois luchar*". E así, de seguido, comenzamos a falar, dar ideas, debater... Un rebumbio.

O reloxo camiñaba cara ás doce da noite e xa tiñamos, máis ou menos, unha idea do que íamos facer. ¡LOITAR! Así, deste xeito, iniciouse o proceso reivindicativo

das Xunqueiras. ¡Das nosas Xunqueiras!

Comezou entón unha "carreira frenética" na pescuda de datos, información, etc. O seguinte paso, logo de recoller toda a documentación, foi buscar un avogado que entendese do tema e tivese azos para "embarcarse" nesta empresa. Hai que ter en conta que por aquelas datas a transición política de España estaba en pleno apoxeo e moita xente aínda gardaba certos recores do pasado.

Soaron tres nomes para esta tarefa: Gonzalo Adrio, Jerónimo Escariz e un tal Ventura, que por aquela estaba a levar asuntos das reivindicacións veciñais do Morrazo polo tema da Autopista. Ó final decantámonos por Jerónimo Escariz.

Era este avogado, nativo de Filgueira (Crecente) e que exercía a súa profesión en Vigo, de carácter progresista e moi identificado cos problemas sociais galegos. Un home que prefería renunciar ós beneficios fáciles do desemprego da súa

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

profesión en favor da defensa xudicial dos ideais nos que el cría: O MONTE COMUNAL COMO PROPIEDAD DE COLECTIVA DOS VECIÑOS baseándose no dereito xermánico. Idea que repetía unha e outra vez.

Trascorría o outono, xa cara ó mes de Santos, sinto non lembrar a data, e Daniel, xunto co que subscribe, fomos ter a primeira consulta con el. Daquela tiña o seu gabinete na rúa María Berdiales de Vigo. Chovía a reo. A cita estaba concertada para as sete e media do serán. Pouco tivemos que agardar. Mentres esperabamos coñecemos a uns veciños do Porriño que tiñan problemas coas canteiras e tamén lles levaba os asuntos Escariz.

Xa no despacho, e logo das presentacións, Daniel comezou por facer unha exposición detallada do tema en cuestión. Ó tempo que falaba, con aquela soltura que lle caracterizaba, ía poñendo diante do avogado máis e máis documentación. Notábase que vivía o problema. Nontardaron en "conectar" os dous. Mentres, eu, calado, asistía a aquel diálogo entre dúas persoas que semellaban ter coincidido en tempo e en ideas. De cando en vez só intervía para aportar algún dato.

Transcorrido un tempo, o letrado ergueuse e duns andeis colleu uns tomos de xurisprudencia. De seguida comezou unha pescuda sobre a lexislación referente ás concesións, expropiacións, montes veciñais... Nin tan sequera nos demos conta do paso do tempo. Só recordo que cando saímos á rúa había pouca xente.

Regresamos a Pontevedra. Daquela había que facelo pola estrada nacional,

FARO DE VIGO

11-09-1981

Pontevedra

DELEGACION DE FARO DE VIGO: García Camba, 10 - Telfs. 85.00.58 y 85.24.97

"ASEMPO" PERDIO EL PLEITO: LA AUDIENCIA RATIFICA LA SUSPENSIÓN DE LAS OBRAS

REVOCA LA SENTENCIA ANTERIOR DEL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA

- Se considera que "los vecinos tienen derecho inmemorial de aprovechamiento de producciones existentes en la finca Juncal de A Gándara"

pois aínda non funcionaba a autopista. Deunos tempo a falar de todo. Viñamos coas ideas claras do que cumpría facer.


O primeiro era solicitar a clasificación dos montes comunais. Por aquelas datas xa se andaba a facer clasificacións polo sur da provincia de Pontevedra.

Logo, concienciar á xente de que as Xunqueiras eran bens comunais da Parroquia.

E, por último, planificar as actuacións a levar a cabo.

Por aquel tempo compoñíamos o colectivo veciñal uns trinta e cinco veciños, sendo a meirande parte xente nova, con moitas ilusións e ganas de traballar arreo, así que nos puxemos de inmediato "mans á obra" e convocamos ós veciños a unha Asemblea Xeral para lles expoñer o tema. A xente entendeu e deunos o seu apoio incondicional.

Convén dicir que, mentres nós andabamos nestes lerios, o proceso de ocupación dos terreos da Xunqueira da Gándara continuaba a súa andaina. Nos medios de comunicación local "vendíase" o asunto como a grande panacea que ía a resolver fódolos problemas económicos polos que en teoría atravesaba a cidade. Foi por isto polo que decidimos saír á prensa e dar a nosa versión sobre o tema en cuestión. Non tardamos en saber como nos ía ir a loita. Logo das primeiras notas, comezou unha campaña de desprestixio das nosas



entrada a cidade. Duraron moi pouco. Tan pouco, que a maioría delas a penas viron a luz do seguinte día e iso que as colocamos cara ás tres da madrugada. Ó parecer, o Servicio Municipal de Limpieza, por orde do Sr Alcalde, deuse boa presa en retirar da circulación tan "incómoda" reivindicación. Toda esta celeridade

fixonos pensar que xa sabían de antemán da nosa actuación. A sospeita resultou ser certa, pois pasado un tempo chegamos a saber que dentro da estrutura tiñamos un "esquirol". Foi unha sorte porque puidemos illalo a tempo e continuar coa nosa loita.

reivindicacións ó tempo que sistematicamente silenciaban ou terxiversaban os nosos escritos. Coñecidos periodistas da época non dubidaron en poñer a súa pluma ó servicio unilateral do citado proxecto sen ter reparo en descalificar ós que por aquela dirixiamos o colectivo veciñal. Javier Sanchez de Dios e Pedro Antonio Rivas Fontenla foron dos que máis se destacaron nesta "labour". Máis non conseguiron arredarnos, aínda que si lograron facer o seu dano, pois ben logo comezaron a aparecer os primeiros fraqueamentos en algúns membros do colectivo veciñal. Por sorte, foron casos mínimos e illados. Outro tanto podemos dicir dos políticos locais da época, pois foron moi poucos os que se manifestaron a favor das teses veciñais.

Para darlle maior forza as nosas reivindicacións, entramos en contacto cos veciños de Campañó, xa que ó fin e ó cabo tamén eran propietarios de parte da Xunqueira, aínda que parecían non ter moito interese por ela, pois ata o momento non emprenderan ningún tipo de acción reivindicativa. Conseguimos que se uniran a nós e de seguida sacamos á rúa un total de cinco mil follas, impresas polas dúas caras, cunha síntese dos nosos argumentos, así como unha relación dos documentos e lexislacións nos que apoiabamos a nosa loita. Distribuímolos por distintas zonas da cidade mediante un sistema de "buzoneo". A cousa tivo o seu efecto, pois comezou a xurdir en certos sectores un grao de discrepancia respecto das teses "oficiais". Simultaneamente, apareceron as primeiras mostras de nerviosismo no seo de ASEM-

Con todo este panorama, que en principio se nos presentaba como desigual e complicado, tivémonos que enfrentar. Non nos preocupou. Estabamos convencidos da nosa razón e dispuxémonos á loita. Tiñamos que contrarrestar primeiramente a actuación dos medios de comunicación, polo que confeccionamos unhas pancartas que colocamos nos puntos estratéxicos de

La sentencia reconoce su «posesión inmemorial» por los vecinos de Lérez

Las «Xunqueiras» son montes vecinales, pese a su naturaleza marismeña, según el Supremo

PO, sobre todo de socios que consideraban que non se lles estaba a dicir toda a verdade. Moitos deles recurriron a nós para solicitar información. A cúpula directiva de ASEMPO tivo que empregarse a fondo para manter a cohesión dos seus socios. Consequiramos trasladarlles a preocupación a eles. Pero foi a raíz de aquí cando as críticas nos medios de comunicación da capital arreciaron de forma virulenta. Ós periodistas antes citados sumáronse improvisados comentaristas que sen ningún tipo de reparo arremetían contra os principais dirixentes veciñais con todo tipo de descalificacións. "Total para cuatro juncos y unas vacas que pastan allí". Esta frase sería unha cantinela que repetiría a maioría dos detractores das nosas reivindicacións.

Comeza entón unha carreira. Por un lado ASEMPO, tentando axilizar tódolos trámites para poder iniciar as obras o máis pronto posible e pola outro nós, presentando ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais a solicitude de clasificación de tódolos montes comunais da parroquia, incluídas as dúas xunqueiras, o 14 de febreiro de 1980. Tentabamos así gañar tempo, pois segundo a Lei de Montes da época non se podía realizar ningún tipo de actuacións sobre terreos que estiveran suxeitos a expediente de clasificación. Peregrinamos polos despachos das administracións competentes na materia para axilizar os trámites ó maximo, ó tempo que lles aportabamos tódolos datos que precisaban aínda que non fose unha obriga nosa. Por este motivo, e para evitar problemas de posible representatividade, creouse no

seo da propia Asociación de Veciños de Lérez a Xunta Provisional de Montes Comunais da parroquia, a cal estaría presidida por Daniel. Mentres tanto, ASEMPO consegue sacar adiante a licencia municipal para iniciar as obras do polígono. Todo esto co apoio do alcalde Rivas Fontán e os membros do seu grupo (UCD) e a "tibiaza" doutros grupos que se dicen de carácter progresista. Presa a "luz verde" para ASEMPO, deu comezo a finais deste ano ou a principios do oitenta e un, non me lembro moi ben, o "asulagamento" da Xunqueira da Gándara. Camións e máis camións, ían e viñan nunha procesión interminábel. Non paraban de acarrexar terra. Mentres, unha frota de apisoadoras e palas mecánicas traballaban de sol a sol tendendo aquel macabro manto sobre a tona da Xunqueira. En algo máis de dous meses de traballo tiñan case cuberta a zona que hoxe en día todos coñecemos.

Ante tal situación, non nos quedou máis remedio que recurrir ó amparo da xustiza. Así que presentamos un interdicto de obra nova o día 15 de marzo de 1981 ante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra. Tocounos no número dous. Este non tardou en parar as obras. A prensa local arremeteu contra nós de xeito despiadado. Regueiros e regueiros de tinta correron durante o tempo que durou a suspensión cautelar das obras. Mentres, tentaban taparnos a voz non publicando os nosos argumentos. O Diario de Pontevedra levouse a palma neste asunto. Durante este tempo botámonos a pedir pola parroquia para poder sufragar os gastos

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

que nos ían ocasionar os temas xudiciais. A xente respondeu moi ben e recadouse unha boa cantidade de diñeiro que serviu para facer fronte ós primeiros gastos. E, así, chegamos ó 4 de xuño en que o citado xulgado dicta sentenza. Foi contraria a nós, pero a pesares de todo non nos arredamos e continuamos coa nosa loita, unha vez máis en solitario, xa que houbera un cambio na xunta directiva veciñal de Campañó e había tempo que optaran por abandonar. Non só optaron polo abandono, senón que, negociando coas empresas que construían o polígono, consentiron que extraesen terras do seu monte comunal a cambio dunhas "pírricas" contraprestacións e de certa cantidade de diñeiro, nunca se soubo en que contía.

O avogado estaba convencido dos nosos dereitos e cría que a sentenza, máis cedo ou máis tarde, tería que ser favorable, así que preparou unha apelación moi ben argumentada e na cal ía desmontando tódalas teses en que se baseaba a parte contraria. Asistimos ó acto de audiencia moitos veciños e veciñas de Lérez. Cando rematou a sesión, e xa fóra, Escariz tiña cara de contento e díxonos a uns cantos: "Coido que imos gañar". E abofé que acertou, pois non tardou en saír a sentenza e

esta, aínda que non foi de todo favorable a nós, xa que non entraba a dilucidar sobre a titularidade dos terreos, si recoñecía os dereitos de uso e disfrute desde tempo inmemorial a favor dos veciños de Lérez. Foi unha mazada para as pretensións dos promotores do citado polígono.

Agora eramos nós os que partíamos desde unha situación máis vantaxosa. Os dirixentes de ASEMPO-SIGALSA sabían e, como consecuencia, tentaron de chegar a un entendemento. Para iso buscaron unha especie de intermediario que promovese unhas negociacións. A Cámara de Comercio de Pontevedra, que por aquela presidía Augusto Abad Villaverde, prestouse a desempeñar este papel. A estas reunións, que se celebraron na sede da Cámara na rúa García Camba, asistimos representantes de Asempo, representantes de Sigalsa e representantes da Asociación de Veciños de Lérez. Tamén foron invitados a estas reunións representantes da Asociación de Veciños de Campañó, os mesmos que non tiveran reparo en faltar ós acordos de entendemento entre ambas asociacións. Estivemos a piques, de negarnos a participar. Consentimos o final, despois de lograr que as reivindicacións de cada colectivo veciñal fosen por separado, ó contrario do


que pretendían os representantes de Asempo e Sigalsa. Estas deron comezo a principios do ano oitenta e dous e prolongáronse ata o mes de xuño. Desgraciadamente non houbo acordo. Nin que dicir ten que os representantes de Campañó aceptaron xa nas primeiras reunións as ofertas da parte contraria.

Por estas datas, detectáronlle os médicos



<http://cedofeita.arcanaverba.org>

a Daniel un tumor no cerebro, que co paso do tempo resultou ser maligno e viuse na obriga de ter que abandonar a loita veciñal. Foi unha gran perda, xa que ata estes momentos viñera sendo o motor e o referente para todos nós. Sempre soubo estar nos momentos difíciles aportando ideas, convencendo e animando os máis temerosos e mantivo sempre unha actitude inflexible ante os que querían socavar os piares do movemento veciñal.



Substituíu a Daniel no seu cargo Gonzalo Paz Carballo que viría a ser o encargado de presentar a apelación ante a Audiencia Territorial da Coruña para que se nos clasificasen as Xunqueiras como terreos comunais da parroquia, xa que a resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais resolvera non clasificar as Xunqueiras como propiedades comunais dos veciños de Lárez. A resolución da Audiencia Territorial produciuse o 23 de xuño de 1986 e nela recóllese que as citadas xunqueiras son propiedade comunal dos veciños de Lárez. Con esta sentenza os promotores de Asempo guindaron a toalla dándose conta de que o seu gran "proxecto-negocio" de afacerse cuns terreos a 7 pta o m², que só distaban 800 metros en liña recta do centro da cidade, se lles ía ó "garete".

A sentenza, obviamente, foi recurrida pola Avogacía do Estado perante o Tribunal Supremo, pois sabían o que se lles viña enriba. As distintas administracións viñeran a conceder algo sobre o que non tiñan potestade, polo que agora, e paradoxicamente, os empresarios que integraban ASEMPO ían reclamar ser indemnizados

polos danos causados ó perder as inversións feitas, sobre todo nas obras xa realizadas e que se perderían para sempre.

Non tardou relativamente moito en sair a sentenza. Esta produciuse o 22 de febreiro de 1988 e nela confirmábase en tódolos puntos a sentenza da Audiencia Territorial da Coruña. Aquí rematou definitivamente a vida do Polígono de Descongestión Comercial de Pontevedra promovido por Asempo e Sigalsa. Os que nun tempo tanta insidia verteron contra aqueles que críamos nunhas ideas xustas e defendimos os nosos dereitos coa razón por vía legal, semellaron desaparecer.

E xa para ir poñendo fin a estas lembranzas só quero mencionar que posteriormente a esta sentenza promulgouse a actual Lei de Costas que pon unha serie de trabas a estas propiedades, pero que non pode anular os dereitos que os veciños temos sobre elas. A pesar de todo, coido que valeu a pena loitar. A verdade e a razón deben prevalecer por riba de todo e máxime nos tempos nos que estamos a vivir.

Antes de poñer o punto final quero ceibar unha pequena reflexión: "Coido que nunca un home fixo tanto, e en tan pouco tempo, pola súa parroquia como Daniel".